

Un lugar chamado Ataúde

Cabeza Quiles repasa a toponimia na primeira guía temática de Galaxia

SILVIA R. PONTEVEDRA

A toponimia é unha ciencia incerta, abondosa en espellismos e lendas, que moitas veces, cando logra derrubar eses mitos, decepciona fondamente aos poboadores. Porque Pontecesures non vén do César, e Boimorto non é unha besta falecida, senon un lugar pedroso. Nin Castrofeito é un castro ben rematado; máis ben todo o contrario: un poboado *fractum* ou roto. Nin A Coruña foi fundada por unha tal dona Clunia. E tampouco Vilalba é tan branca como a pintan.

Todo isto cóntao o filólogo Fernando Cabeza Quiles (nado por casualidade en Ponferrada en 1953, pero fillo de galego e residente en Carballo) no terceiro volume que adica á toponimia. En 1992, publicou *Os nomes de lugar*, e en 2000, *Os nomes da terra*. Dende entón traballou no libro que viu a luz este ano, *Toponimia de Galicia*. E conta que, de seguro, publicará algún máis, pe-


ro que ningún será “tan grande” coma este, que inaugura a colección Guías AZ de Galaxia. Unha serie temática que, segundo a editorial, continuará o ano que ven con un libro sobre música.

Toponimia de Galicia é a máis ambiciosa obra de Cabeza Quiles pero non a súa palabra definitiva. Onte mesmo recoñecía que, de botar fóra agora o libro, decantariase pola teoría de que A Coruña ven do substantivo celta *clunia* (lugar húmido, fonte, pradaría) do que tamén procede o francés Cluny. Sen embargo, na guía publicada defende moito máis a posibilidade de que o topónimo desta cidade proveña dunha raíz preindoeuropea (*car* ou *cor*) que significa pedra, e de feito as outras coruñas e coruñus do Estado son lugares rochosos como A Coruña.

Esta última etimoloxía antiqüísima está na orixe do topónimo Cairo (parroquia de Lesende, Lousame), un nome de lugar tan curioso como o de Exipto

(parroquia de Boiro), que vén da Virxe que alí se venera. Pero tamén hai galegos que viven nun lugar chamado Xogo de Bóla (Pantón), e outros que habitan no Salto do Ladrón (Rianxo) ou ben no Paso do Ladrón (Navia de Suarna). E temos, en Chantada, o lugar da Fonte de Sanabarrigas, que se estivese ben normativizado, o seu nome tería que ser o de *Sandabarrigas* (como A Cañiza tería que ser *A Caniza*; O Xen, *Oxén*; A Grela, *Agrela* ou O Grove, *Ogrove*).

Na parroquia de Picoña, en Salceda de Caselas, hai un lugar chamado Ataúde, e na freguesía de Rodís, en Cerceda, está a aldea de Sartego, onde un destes sepulcros pétreos serve para recoller a auga da fonte. E con ese significado de fonte, ou máis ben de surtidor, cano ou picho con forma de pene, segundo o autor, hai unha aldea en Friol que se chama A Picha. En Galicia hai un lugar chamado O Trece, outro que lle din O Vinte e



Toponimia de Galicia, de Galaxia.

O topónimo Vilalba é parente dos Alpes, igual que o Tambre é irmán do Támesis

varios vintecatros. Os topónimos numéricos non teñen misterio: lembran o día do mes no que tiña lugar a feira. Temos tamén Rabiño e Rabiños, Rabo da Bes-

ta, Rabo de Égoa ou Eguá, Rabo de Gato, de Galo, de Golpe e de Lobo. Estes nomes tampouco teñen moito aquel: refírense á forma física do terreo, cabos ou saíntes como as colas destes animais.

Os vellos aínda contan que o porto de Malpica se chamaba Porto Piollo, un alcume co que tamén se coñecía a darsena da Mariña na Coruña. Podería vir do mar (*pelagus*), pero naqueles lugares as mulleres agardaban os mariñeiros fuchicando na cabeza dos cativos. Hai unha aldea en Cerponzóns (Pontevedra) que se chama Castrado e Queimado, pero o nome, aínda que o pareza, non vén dunha tortura terrible a un santo varón, senon dun terreo que se roza, castra ou desbrava e despois quéimase para cultivar. Hai, ademais, un Gruñido en Mañón; unha Fistula en Monterroso; un Mogollón en Oia; e moitos lugares chamados Marabillas, topónimos tan publicitarios coma o antigo nome de Noia, que hai mil anos era coñecida como Todo Bo ou *Totum Bonum*.

Pero o mellor do libro é descubrir que por etimoloxía Vilalba (*Vilalpa*) é parente dos Alpes e das Alpuxarras. Ou que Iria é curmá de Irak. Igual que o Tambre e o Támesis son ríos irmáns.